

ACTA 22-05-07 DA ASEMBLEA DE ESTUDANTES DE CIENCIAS POLITICAS

0. Orde do día
1. Aprobación do acta anterior
2. Eleccións
3. Comisións
4. Varios

0. Aprobación da orde do día coa introducción do seguinte punto:
4. Reunión coa Semana da Educación Crítica e Bioloxía
5. Varios

1. O acta da asemblea anterior queda aprobado
2. Eleccións. A Asesoría Xurídica acudiu á reitoría pola non convocatoria das eleccións e para pedir que se convoquen. Presentou un escrito reclamando a convocatoria inmediata das eleccións ou a principios do curso que ven en outubro ou novembro co censo actual. Despois foron atendidos pola secretaria xeral da USC quen lles explicou que o motivo polo que non se convocaron as eleccións foi por un problema co censo do terceiro ciclo. A secretaria quedou en reunirse con eles en setembro. Os encargados de acudir a esa reunión serán Fran e Iñaki e en caso de non poder asistir irán Uxía e Laura. Nesta reunión deberán solicitar a convocatoria das eleccións coa maior premura posible e en caso de non obter ningún tipo de solución pedirase responsabilidade e dimisión da secretaria e como última instancia acudir á vía xudicial.
O mesmo escrito que entregaron na secretería entregaronno tamén ao Valedor da Comunidade Universitaria que fará un seguimento do caso.

3. Comisións

Comisión de Boloña. Proposta de repartir uns videos sobre Boloña o curso próximo. Queda aprobada a realización do mesmo.

Comisión de Formación. Proposta de fusionar Cultura e Formación que queda denegada polo problema que pode supoñer a parte lúdica.

Proposta de facer unha axenda a primeiros do curso que ven para organizar o calendario dende o primeiro momento. Aprobada

Propostas de distintas actividades para realizar o curso próximo: Xornadas de Muller, Saldas Profesionais... que serán tratadas e desenvolvidas

4. Reunión coa Semana da Educación Crítica e Bioloxía. Falouse da facer un regulamento de mínimos para unha asemblea e coordinadora pero non se chegou a ningunha proposta nova.

5. Varios

ORA. Maña as 12:00 reunese a Asesoría Xurídica para a entrega das instancias que se cubriron estes días.

Comisión organizadora da vindeira asemblea. Moderador: Gonzalo

Acta: Alba

Auxiliar: Xurxo Ourense

